

MINISTERIO DE ECONOMÍA, COMERCIO E EMPRESA, INE.

Grupo de Traballo do INE

BLACK FRIDAY NO INE

Continuamos coa dinámica de privatizacións, se o trimestre pasado desviaron case nove millóns de Euros a empresas privadas para a realización de traballos propios do INe, este trimestre súmanlle outros oito millóns máis. Ademais agora xa non existen enquisas intocables, estas empresas xa facían a EPA, Condicións de Vida.... pois agora empezan a facer PF, o Censo de Vivendas etc... pouco lles falta para empezar co IPC ou cos procesos electorais, tempo o tempo.

Namentres, a perda de efectivos é alarmante, se nun ano se xubilan ou marchan unha media de 250 compañeiras e compañeiros do Grupo 3G, como moito se incorporan 100 do C1 especialidade estatística. Botade contas. Iso si, nestes dous últimos anos convocaron 321 postos dos grupos A1 e A2. Velaí o modelo de futuro para o noso organismo, xefes da administración e empresas privadas para a recollida de datos. É como o conto da traíñeira con moitos timoneis e case ningún remeiro.

Desde a CIG volvemos a insistir na nosa petición para que se faga un estudo do que custaría facer algún deses traballos con persoal propio, para comparar os custos e a calidade dos mesmos. Nin respostan, xa saben cal vai a ser o resultado.

No referido a negociación das nosas condicións de traballo, estás son as últimas novidades:

- O INe segue facendo caso omiso á proposta conxunta de todas as Organizacións Sindicais para establecer un novo sistema de reparto da produtividade por obxectivos. Para que vos fagades unha idea; segundo o Boletín de Rexistro de Persoal da AXE o INe ten 808 efectivos en Servizos Centrais e 2179 en delegacións provinciais. Pois ate este mes de novembro a produtividade de persoal funcionario repartida é de 678.000 € para delegacións e de máis de 3.500.000 €. Para servizos centrais, do persoal laboral xa nin falamos, parece, que se es funcionario es máis produtivo que se es laboral, e se traballas en Servizos Centrais produces catro veces máis cunha delegación provincial. Despois estráñalles que o persoal queira ir a outros ministerios. Tamén reclamamos unha nova aplicación para o acordo de produtividade de persoal laboral, de xeito que se garanta que todo o persoal a poida percibir, xa que existe unha enorme distorsión entre unhas delegacións e outras, en función de se o delegado/a fai, ou non, propostas, por exemplo da delegación de Coruña apenas hai propostas, será que somos moi improdutivos/as.
- Como vimos reclamando desde a CIG desde fai máis de tres anos, o INe enviou a Función Pública unha proposta para a asignación do complemento E1.c (Por realizar as túas funcións fora do teu centro de traballo) para o persoal de campo, aínda así nos non estamos de acordo en que teñamos que financiar estes complementos amortizando postos vacantes, que xa nunca se van a recuperar. Tamén enviaron unha proposta para incluír o persoal relacionado con traballos electorais para a asignación de un complemento RTC (especial responsabilidade), pero xa veremos en que queda.
- O persoal do troco de réxime xurídico aínda non tomou posesión, agora parece que xa saben como se pode retribuír o complemento de garantía salarial. Desde a CIG insistimos en que é preciso asinar un acordo no que se especifique que este persoal vai a manter as súas funcións, e dicir, se non tiña complemento de dispoñibilidade horaria como laboral, como funcionario non vai a saír a campo.
- Da xubilación parcial, de momento o único que vos podemos dicir é que está paralizada por Función Pública e o INe tampouco ten ningunha nova.

Xa por último, comentarvos que tampouco vai a haber traslado da Delegación de Coruña a Elviña, o vai a ocupar outra empresa, polo que o INe continua á busca dun local para poder trasladarnos e solventar definitivamente a exposición ó radon.

Lembrede que tedes máis información sobre os asuntos que atinxen ó persoal da AXE na nosa nova páxina web <https://www.cigadmon.gal/estatal> e podedes contactar connosco no correo ó pe desta nota.

acoruna.estado@cigadmon.gal

Telf. 881 909 821

<https://www.cigadmon.gal/estatal>